



Cooperación Galega: O mundo que queremos

ODM, ED... De que estamos a falar?

Conceptos clave

Comezamos o noso camiño cara ***O mundo que queremos*** dando unhas pinceladas sobre os conceptos clave que conforman o marco teórico baixo o que se ampara o noso proxecto. Son todos conceptos que viviron unha grande transformación dende os anos 50, época na que se empeza a construír o discurso da solidariedade internacional, unha concepción que se foi transformando dende a mera caridade e o asistencialismo paternalista, ata chegar a referirse á xustiza social e á corresponsabilidade.

- **Cooperación para o Desenvolvemento:** É a acción e efecto de cooperar. Cooperar, segundo a RAE, é obrar con outra ou outras persoas para o mesmo fin. A Cooperación para o Desenvolvemento aglutina o conxunto de políticas, actividades proxectos e programas elaborados para colaborar con persoas, pobos, rexións ou países que precisan de apoios para mellorar as súas condicións de vida, para desenvolver plenamente as súas potencialidades ata acadar unha vida digna e autónoma. Trátase dunha actividade moi complexa, pois abarca distintas áreas de traballo técnico, financeiro, cultural, político, etc. En cada unha destas áreas, gobernos, institucións e asociacións, ONGD ou movementos sociais dos países enriquecidos, incardinan os seus esforzos coas súas homólogas do Sur para contribuír a impulsar o **desenvolvemento** en comunidades, rexións ou países empobrecidos e concienciar ás poboacións tanto do Norte coma do Sur sobre a necesidade de colaborar para conseguir un mundo máis xusto. A cooperación para o desenvolvemento é tamén o espazo da solidariedade internacional que dá orixe á Educación para o Desenvolvemento.

IMPORTANTE!

O mundo que queremos pretende xerar un intercambio continuado entre o voso alumnado e tres participantes na **Radio Comunitaria Tehuacán**. Esta radio participou nun proxecto de Cooperación para o Desenvolvemento financiado pola Xunta de Galicia e impulsado polas ONGD galegas Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) que tiña por obxectivo fortalecer para conseguir que a poboación desa comunidade salvadoreña teña a súa propia canle de comunicación e que a emisora sirva para sensibilizar sobre temas medio ambientais, cuestións de xénero... e para que a poboación aporte e opine sobre o seu propio desenvolvemento.

Para saber máis: <http://radiotehuacan.org/>

<http://agaresobajolempa.blogspot.com.es/>

- **Educación para o Desenvolvemento (ED):** Trátase dun proceso educativo socioafectivo encamiñado a xerar unha conciencia crítica sobre a realidade mundial, promovendo unha cidadanía global politicamente activa e comprometida, tanto no plano individual coma no colectivo; e mobilizando á sociedade en accións de transformación social a favor dun desenvolvemento humano xusto, equitativo e sustentable, no marco do respecto aos Dereitos Humanos. *O mundo que queremos* é un proxecto de ED situado no ámbito da educación formal que pretende xerar un proceso formativo a longo prazo de transformación persoal e colectiva.

A educación non ten poder para transformar a realidade porque podería telo

Paulo Freire

- **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM):** No ano 2000, 189 xefes de estado e de goberno de todo o mundo aprobaron na Asemblea Xeral das Nacións Unidas a *Declaración do Milenio*. Esta Declaración era unha síntese dos principais obxectivos de desenvolvemento convidados nas conferencias internacionais e cumes mundiais celebradas dende o ano 1990 ata o ano 2000 e constituíu unha promesa sen precedentes dos dirixentes mundiais de abordar, dunha soa vez, a paz, a seguridade, o desenvolvemento, os dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Sobre a base desta Declaración elaboráronse un conxunto de oito obxectivos denominados *Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM)*. Estes obxectivos establécense en función de resultados concretos que se pretenden acadar **antes do ano 2015** en relación ao benestar económico, benestar social e sustentabilidade medioambiental, e contemplan a promoción de alianzas internacionais a través da participación democrática.

ODM 1: Erradicar a pobreza extrema e a fame

ODM 2: Lograr a educación primaria universal

ODM 3: Promover a igualdade de xénero e o empoderamento da muller

ODM 4: Reducir a mortalidade infantil

ODM 5: Mellorar a saúde materna

ODM 6: Combater o VIH/SIDA o paludismo e outras enfermidades

ODM 7: Garantir a sustentabilidade do medio ambiente

ODM 8: Fomentar unha alianza mundial sobre o desenvolvemento

E DESPOIS DE 2015, QUE?

A nivel internacional estase impulsando un proceso encamiñado a definir unha nova Axenda Mundial de Desenvolvemento máis alá do 2015, data fixada como límite para o cumprimento dos ODM. A pesar dos progresos acadados nos ODM, máis dun billón de persoas seguen vivindo en condicións de pobreza extrema. A desigualdade e a exclusión social son cada vez máis preocupantes na maioría dos países. *O mundo que queremos* pretende facer partícipe desta problemática ao voso alumnado contribuíndo así á concienciación e implicación cidadá na construción desa axenda post-2015.

As metodoloxías de traballo do proxecto *O mundo que queremos* constrúense baixo o paraugas das Teorías da Liberación, paradigma de onde xurde a Teoloxía da Liberación, a pedagogía do oprimido (Paulo Freire), a comunicación educativa (Mario Kaplún) e o Teatro do Oprimido (Augusto Boal).

- **Comunicación para o desenvolvemento:** Corrente que destaca o potencial da comunicación e da información en si mesmas como xeradoras de cambios sociais e de desenvolvemento. A palabra comunicación procede do latín *communicare*, sinónimo de comulgar. Nun principio o acto de comunicar supoñía relacionarse, poñer en común e participar. A comunicación para o desenvolvemento trata dalgún xeito de recuperar esa idea inicial do concepto comunicación ao facer referencia á mirada comunicacional que se materializa na práctica dunha serie de actitudes, valores, habilidades e ferramentas que permiten a construción dunha cidadanía reflexiva, crítica e solidaria.

PARA REFLEXIONAR...

O mundo que queremos ten como fío condutor esta perspectiva da comunicación como elemento clave para o desenvolvemento dos pobos. O xornalista polaco Kapuscinski no seu libro *Os cínicos non serven para este oficio*, parte da necesidade de darlles voz ás persoas que non teñen voz no mundo. Pero non só carecen de voz as persoas doutros países e contextos, como nos exclúen a nós os medios de comunicación locais, autonómicos e estatais? Non hai persoas mudas para os medios na nosa contorna?

- **Radio comunitaria:** É un medio de comunicación social creado por e para a comunidade. Trátase de emisoras que se recoñecen como parte integrante da comunidade na que participan e que exercen a radiodifusión como un servizo á comunidade e a comunicación como un dereito de todas as persoas. Desenvolven unha comunicación pluralista e participativa, enfocada a atender as necesidades sociais, culturais e de comunicación específicas de grupos sociais, fomentar a participación cidadá e vertebrar o tecido asociativo. Son medios independentes, sen ánimo de lucro e a súa xestión e programación fanse de forma colectiva. Moitas destas radios funcionan sen licenza de emisión, defendendo o uso comunitario do espazo radioeléctrico como ben público e opoñéndose á súa privatización ao considerar que esta vulnera os dereitos fundamentais de liberdade de expresión.

Non queremos ocupar todo o espazo, só queremos caber

Tomás Legido, de Cuac FM (radio comunitaria de A Coruña)

- **Teatro do e da oprimida (TO):** É unha metodoloxía e unha práctica teatral que pretende analizar as realidades opresivas e as relacións de poder a través de medios estéticos e o diálogo entre os e as oprimidas, para combatelas. O método e a formulación teórica deste teatro con sentido pedagóxico e de transformación social foron desenvolto polo dramaturgo, actor, director e pedagogo teatral Augusto Boal e o seu equipo nos anos 60-70.

Ser cidadán non é vivir en sociedade, é transformala

Augusto Boal

O **teatro foro** é unha das técnicas do TO (quizais a máis emblemática) onde a barreira entre o escenario e a platea é suprimida polo diálogo. Conta unha escena teatral baseada en feitos reais, na cal as persoas oprimidas e opresoras entran en conflito, de xeito claro e obxectivo, na defensa dos seus desexos e intereses. No enfrontamento, a persoa oprimida fracasa e o público é estimulado por quen exerce de Curinga (a persoa facilitadora do TO) a entrar en escena, substituír á persoa protagonista (a oprimida) e a buscar alternativas para o problema que se acaba de representar. Así consegue transformar ao e á espectadora en protagonista da acción dramática.

IMPORTANTE!

Unha das alternativas que propón *O mundo que queremos* é a arte como ensaio de alternativas para situacións que se revelan como opresións na vida cotiá. Mediante a obra de teatro foro sobre xénero e migracións *A viaxe de Ana*, do Grupo de Teatro da Oprimida (GTO) da Coruña, un colectivo de desenvolvemento social e comunitario a través do TO, convidarase ao voso alumnado a que exprese coa voz e a través do seu corpo alternativas para os problemas escenificados.